

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 22 - Outubro 2022

Publicación gratuíta

Colle unha!

**SOUND SISTERS
HER ANXIETY
FAMILIA CAMAGNO
ELEFANTES MUTILADOS
STRIKEBACK
SCHWARZENEGGER**

**PNEURA
OTHER GAME
IRON HUNTER
ZONAZERO
NO ONE ALIVE
LETHAL VICE**



Nerea, de Sound Sisters:

“Se falamos de grandes do rock hai que falar tamén de Janis Joplin”

Por **Patty Castro**

Sound Sisters son unha banda de rock de Sarria, e os seus compoñentes son Nerea Iglesias á voz, Olalla Losada aos teclados, Txema Wayra á batería, Tomás Solano á guitarra e Morris Moreno ao baixo. Esta banda naceu no 2020, en plena pandemia, e dende entón non paran. Os seus directos son explosivos, e a forza e a alegría por compartir co público é o que lles move. Tiven a sorte de poder entrevistar a Nerea, a súa vocalista; unha front woman espectacular, que nos vai a contar mais sobre a súa banda.



Ola! Moi boas, Nerea. Grazas por ter a ben facer a entrevista. O primeiro que quería preguntarche é como naceu Sound Sisters.

Moi boas, Patty! Pois nacemos en plena pandemia, e todo isto supuxo un reto. Pero a vantaxe que tiñamos é que nos coñecíamos todos grazas á asociación Rúa da música, que acolle a un gran número de músicos, tendo en conta que Sarria é unha vila relativamente pequena, pero ten unha tradición musical moi ampla e forte. Nós tiñamos nese momento os nosos proxectos, pero durante as festas do San Xoán, vendo un concerto, achegáronseme Tommy e Morris e dixéronme que querían montar un grupo de rock e que querían que eu fose a cantante. Despois comentáronllo aos outros dous, ata que fixeron posible que completásemos a formación os 5 que estamos.

O principio comezamos como un grupo para tocar e pasalo ben, pois ao ter o parón da pandemia, máis que nada o que queríamos era iso.

Xuntarnos e pasalo ben. Pero a raíz dos ensaios, o coñecernos mellor fixo posible que o tomáramos máis en serio.

Cóntanos como foron eses primeiros bolos e a toma de contacto co público.

Ao principio os directos foron raros, no sentido de que a xente tiña que estar sentada, e claro, o noso grupo non pide un público sentado nin de coña; pide saltar, bailar, etc. Foi un pouco baixona, a verdade, pero agora podendo ter o público de pé cambia moito a cousa. E debido a que o grupo ten pouca traxectoria propiamente, pois leva pouco tempo activo, pareceunos xenial poder tocar no Festival do Noroeste o ano pasado, e iso para nós foi algo moi importante que nos impulsou. Aínda así, pasámolo en grande igual co público, estivesen sentados ou de pé.

Que é o que pretendedes sacar para adiante coa vosa proposta





musical? De que van as vosas letras?

Ao principio, a verdade, comezamos sacando versións das grandes lendas do rock: Jimi Hendrix, Clapton, Janis Joplin... Porque, por suposto, se falamos de grandes do rock hai que falar tamén dela. Pero, aínda que o primeiro que saíu foron as versión, tiñamos claro que queríamos compoñer. A min, persoalmente, sempre me atraeu a idea de compoñer, pero tiñalle un pouco de respecto. Parece que é unha cousa que ata que non te pos, pois parece que iso non o vas dar feito. Pero unha vez que comezas coas primeiras letras si que a cousa vai moito mais rodada. Eu, como letrista, no que me baseo é na forza e no empoderamento de dicir que as mulleres estamos aquí por dereito propio enriba do escenario. Algunhas letras teñen carga sexual bastante importante, como xesto reivindicativo; outras son tamén intimistas, de cousas que me afectan a min, e de contido social, sobre a decaden-

cia da sociedade.

Fálame un pouco do que estas a facer agora mesmo

Pois estamos con bolos e coa promo do videoclip de "Wild life", que saíu este xullo pasado. É un tema que trata de como marcamos o noso camiño, moitas veces saíndo fóra dos límites que nos marca a sociedade. Un camiño que escolle-mos, porque tal vez non sexa tan sinxelo, pero que nos fai felices. Tamén andamos a sacar 2 temas máis, e ensaiando co novo batería para afianzar tamén ese son máis duro que trae dende a súa experiencia no metal. Todos estamos encantados con este cambio para soar máis cañeiros.

Pois moitas grazas, Nerea! Un pracer falar contigo e seguir os vossos pasos. Unha grande e forte aperta dende Rouco Son e longa vida a Sound Sisters.

Moitas grazas, Patty, e ás lectoras de Rouco Son. Vémonos!



Xa está aquí "Dear lion", o novo videoclip de Her Anxiety

A banda viguesa de metalcore Her Anxiety acaba de presentar o videoclip de "Dear Lion", primeiro adianto do seu álbum No Land in Sight. O disco, gravado por Eloi Pascual e por Óscar "Chichi" dos estudos Mafia, sairá finalmente o día 18 de novembro da man da coñecida discográfica Art Gates Records. Foi masterizado por Alex Cappa de Metal Factory Studios.

Para este adianto do álbum, o quinteto contou co realizador Henry Menacho e a actriz Ana Díaz para crear un elaborado videoclip perfecto para acompañar o seu metalcore, de estilo moderno pero tamén especialmente influenciado polos clásicos do death metal melódico. Nel destaca tamén a coitada vestimenta da vocalista Aida Anxiety. Xunto a ela, completan a formación Juan (baixo), Josué (batería), Rodri e Jorge (guitarras), músicos procedentes doutras bandas da escena como Dysnomia ou Mileth.

A partir do lanzamento de No Land in Sight, a banda comezará dar concertos de presentación do mesmo, que serán anunciados axiña a través das súas redes sociais. A banda xa revelou a través delas a lista completa de cancións do traballo, así como a portada a cargo de Healthy People Artwork. As fotos promocionais da banda, por outra parte, foron realizadas por Carlos Meira. Ficamos atentos aos seguintes pasos do grupo! Se fuches a algún festival de metal de Galicia este verán, seguro que xa viches algunha das pegatinas ou púas que repartiron neles.





MANUELE, DE FAMILIA CAAMAGNO:

"A RETRANCA PERMITE POÑER O FOCO NO QUE CHE INTERESA MAIS CUN SORRISO NOS BEIZOS"

Familia Caamagno fundouse na vila de Sigüeiro no 2011 e agora son unha das bandas de rock en galego máis destacadas do panorama. O quinteto vén de sacar un novo álbum, *O Mundo Está Derrotado*, do que xa nos adiantaran sinxelos que tanto deron que falar como a súa versión do "Xuntos" de Juan Pardo, e van presentalo ao vivo na Sala Capitol de Compostela. O concerto será o sábado 29 de outubro e a banda xa ten prometido unha chea de sorpresas para presentar por todo o alto o novo traballo. Xusto acaban de gañar o Premio Martín Códax da Música na categoría de rock, así que o disco non podería chegar en mellor momento.

O grupo ten as súas raíces no rock and roll e o power pop máis clásico, como se poden apreciar especialmente en discos como *Familia Caamagno* (2012) ou *Hai que Andar cos tempos* (2014). Neste *El Mundo Está Derrotado* podemos apreciar a evolución do seu son ao longo dos anos, incorporando novas influencias máis sen mudar a esencia de sempre. Trátase dun disco breve e conciso, con 8 cancións e algo máis de 25 minutos de duración, onde se prima o divertido, o bailable e o pegadizo. Falamos co seu vocalista, Manuele Caamagno, para que nos conte máis sobre este momento clave que está a vivir a banda.

Como describiriades vós a música do novo disco?

Pois unha cousa parecida a "desde os confíns do garage ate o power pop máis delicado".

Un dos sinxelos de adianto, a adaptación do "Xuntos" de Juan Pardo, totalmente resignificado, converteuse xa nun dos vosos temas máis recoñecibles. Se tivesedes que versionar algún outro clásico da música galega contemporánea, cal sería?

Ui... boa pregunta. Persoalmente a min quedoume mágoa de non facer unha versión de Anduriña, tamén de JP. Eu que sei. Unha versión que me flipa e me emociona é "O maio" dos Amigos dos Músicos e outra "Agardarei" de Eladio y Los seres Queridos. Ámbalas dúas de Luis Emilio Batallán.

Falando de clásicos, unha das grandes sorpresas da vosa participación na gala do 25 de xullo da TVG foi a colaboración, precisa-

mente en "Xuntos", de Pili Pamín, que tamén triunfa coas súas colaboracións con Ortiga. Está de moda o pop galego máis tradicional?

Non che sei, iso cadrou un pouco así, Chamáronnos para a gala esa e preguntaron se nos apetecía tocar con Pili. A verdade é que foi unha experiencia moi guai, pero xa está. O pop galego está de moda, sempre que non moleste moito.

Algunha outra colaboración que vos gustaría levar a cabo no futuro?

No concerto do sábado 29 na Sala Capitol, presentando o novo disco, imos facer unhas cantas colaboracións que van ser máxicas!

Vides de facervos co Premio Martín Códax na categoría de rock, na que tamén foron finalistas a banda de rock progresivo Moura e a stoner Bala. Como vedes o momento que está a atravesar a escena de rock galega?



Manuele Caamagno





A verdade é que todo o que sexa música con guitarras está a cousa bastante mal, e se pensamos en música en galego xa non che digo... Grupos que canten en galego e que fagan pop, rock, garage, indie, hardcore ou punk non hai moitos. Somos os que somos.

Despois de Xuntos chegaron Samurai, Romper Espagna e Máquina Virtual, cada unha co seu correspondente videoclip. Cando creades un tema, tedes xa unha visión de como queredes que sexa o vídeo ou deixades iso en mans do voso director de referencia, Xaime Miranda?

Mantemos unha serie de reunións con él. Facemos unha "tormenta de ideas" desas e intentamos que o vídeo clip illustre a canción e complete o que nos gustaría dicir. Creo que o caso máis ilustrador é o de "Xuntos", que cobra significado completo co vídeo.

A vosa música é perfecta para bailar e para a festa, pero non

falta tampouco a mensaxe nos vosos temas, moitas veces a través da retranca. Como combinades estes dous mundos na vosa música? Cal é a mensaxe fundamental de O Mundo está Derrotado?

Non tomamos case nada moi en serio, nin sequera a nós mesmos. Tampouco nos gusta cando a xente se pon panfletaria pensando que sabe moito e na maior parte dos casos, non sabe nada. Hai moitas maneiras de reivindicar e poñer o foco nas cousas que che preocupan e poñerse serio probablemente sexa a máis aburrida e a menos efectiva. A retranca permíteche aproximarte dunha maneira pouco ortodoxa e poñer o foco no que che interesa mais sempre cun sorriso nos beizos. Eu que sei... Gústannos moito os Monty Python.

O disco... O Mundo Está Derrotado é un disco nostálgico, cómico e político a partes iguais. Un disco que nace froito dunha situación excepcional, e que mira cunha risa



nerviosa todas esas noticias de inflacións, guerras e cambios climáticos. O disco comeza co “Xuntos” de Juan Pardo (1987) e remata con “O día que Fraga finou” inspirada no “The Day that Thatcher dies” de Hefner (2000). Polo medio a década dos 90 e as visións dun futuro distópico que xa pasou e que se repite unha e outra vez.

O Mundo Está Derrotado é o voso segundo LP despois de Había que Intentalo e de varios EPs. Tiñades claro que o voso seguinte traballo tiña que ser un álbum longo ou decidistes iso sobre a marcha?

A verdade é que foi un pouco sobre a marcha. Vimos que as cancións estaban quedando ben e dounos mágoa non facer un longa duración.

Hai uns anos podería parecer que o concepto de álbum estaba en decadencia en favor do sinxelo, pero parece estar rexurdindo a costume de escoitar os discos enteiros en plataformas como Spotify. Vós que preferides, álbumes ou ir sinxelos?



Pois depende do que queiras contar. Eu diría que agora lanzar sinxelos é máis rentable para un músico que meterse de cheo na creación dun LP.

A uns días do Día de Todos os Santos, celebrades a presentación do novo álbum na Sala Capitol de Compostela. Xa tedes anunciado a algúns dos colaboradores.

Vai haber colaboracións moi especiais... Véxase Martiño de Gram-poder e dos The Homens ou a nosa amiga Guadi Gallego.

A proliferación dos

festivais nos últimos anos fixo que moitos artistas teñan máis apartados os concertos en salas á vella usanza. Agora toca presentar disco na Capitol, pero tamén vides de tocar en varios dos principais festis de Galicia. Vós tedes algunha preferencia entre salas ou festis?

Os festivais son máis mediáticos, pero a proximidade e a complicitade que se consegue nunha sala... iso coidado, eh!

Moitísima sorte no concerto e moitísimas grazas polo teu tempo. Vémonos na Capitol!

Moitas grazas a vos!!!



**FAMILIA
CAAMAGNO**

Portada do novo disco

O Ghallaecia Metalfest unirá Portugal e Galicia na Sala Rebullón de Mos



Strikeback

Impulsado polo podcast Galiza Metálica e o programa radiofónico S.O.S Heavy Metal Radio Show, nace un novo festival de metal na nosa terra: o Ghallaecia Metal Fest, que terá lugar o sábado 26 de novembro na Rebullón, en Mos. O evento xuntará a catro bandas galegas, concretamente Elefantes Mutilados, Barbarian Prophecies, Strikeback e Mileth, con tres bandas do sur do Río Miño, Capela Mortuária, Pé Roto e The Mighty Mister Shame. Todo isto presentado por Patty Castro, directora de Galiza Metálica, e Filipe Marta, de S.O.S, co obxectivo de fomentar a relación entre as escenas dos dous países veciños.

Como xa vos contaramos nas nosas páxinas, S.O.S Heavy Metal Radio Show é un programa de longa traxectoria, nacido en 1986, é que dende hai xa bastante tempo promociona considerablemente o metal de Galicia dende o seu espazo na emisora Antena Minho, de Braga. Foi por isto polo que entraron en contacto con Galiza Metálica, un podcast de recente creación a cargo dunha imprescindible da escena metaleira galega, Patty Castro de Mulleres Galegas Kañeras e ex vocalista de bandas como Meigha. Ambos

programas comezaron a colaborar, unión que culmina agora coa organización do Ghallaecia Metal-fest.

No festival confluirán diferentes estilos do metal representados por algúns dos mellores expoñentes das escenas galega e portuguesa, chegados de diferentes cidades e vilas. O ecléctico metal alternativo de The Mighty Mister Shame, procedentes de Braga, dará paso ao crossover entre metal e hardcore de Elefantes Mutilado, de Caldelas de Miño. Capela Mortuária, tamén de Braga, collará o testemuño co seu thrash metal, e Barbarian Prophecies fará o propio co seu death metal melódico. Pé Roto, pola súa banda, practica sludge doom, e Strikeback volverá a traer o thrash metal ás táboas. E finalmente, subirá tamén ó escenario o folk metal de Mileth.

O festival terá billeteira inversa, puidendo aportar os asistentes ao festival o que consideren, como vén sendo habitual en moitos concertos da Sala Rebullón. Unha sala, por certo, da que tamén vos temos falado nas nosas páxinas e que xa ten acollido festivais de metal tan senlleiros como o Napalm Fest.



Barbarian Prophecies



Capela Mortuaria



Elefantes Mutilados



Pé Roto



Mileth



The Mighty Mister Shame



**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCO SON

Solucións Extremas celebrará a IV edición do seu festival no Tronko Bar

A promotora independente e autostestionada Solucións Extremas xa ten preparada unha nova edición do seu festival para o 3 de decembro. Será no Tronko Bar, en Pontevedra, e contará con catro bandas de metal extremo: Lethargic, Schwarzenegger, Pneura e Dioivo. A entrada será de balde, con billeteira inversa para apoiar o festival. E para quen apoie con máis de 5€ haberá dispoñíbles discos de agasalho.


Solucións Extremas ten unha dilatada historia no subterráneo vigués, galego e estatal, estando vinculada tamén ao selo Loita Underground. Tomando o seu nome do mítico álbum Extreme Conditions Demand Extreme Responses de Brutal Truth, aposta dende o co-

mezo polo Faino Ti Mesmo e polo apoio ás bandas da escena de metal extremo. Nos últimos anos vén celebrando numerosos concertos no Tronko Bar, un punto de referencia obrigado para calquera fan do metal e o rock na zona de Pontevedra.

Nesta edición do particular festival, o cartaz está composto por catro bandas galegas e outra castelá. Os salmantinos Lethargic son quen traerán a Galicia o seu death/doom da vella escola. Por outra banda, Schwarzenegger virá dende Ferrol co seu death metal, e o dúo Pneura, dende Verín, coa súa mestura de death e crust punk. Completa o cartaz o dúo vigués de black metal melódico Dioivo.



Dioivo



Pneura



Schwarzenegger

GRUPOS DE VIGO EN LOITA DENUNCIA A SUSPENSIÓN DE CONCERTOS POR PARTE DA POLICIA LOCAL

A plataforma de artistas musicais Grupos de Vigo en Loita critica os peches de concertos acústicos que a Policía Local viguesa estivo efectuando nas últimas semanas. O pasado sábado sucedeu no Al Traste Rock Bar de Rúa Torrecedeira, ás tres cancións de comezar o concerto acústico do grupo Other Game en sesión vermut, programado para as 12:30 do mediodía. Por outra banda, o venres 14 de outubro, segundo expuxo en redes sociais o Nuevo Bonus Track de Rúa Llorente, a Policía acudiu a este bar a deter un suposto concerto que non se estaba a producir nin estaba programado. Este mesmo establecemento, que está insonorizado, sufrira a semana anterior a suspensión doutro concerto acústico.

Segundo afirman dende a plataforma Grupos de Vigo en Loita, estes son dous exemplos dunha situación

que se vén dando dende hai moito tempo debido ás deficiencias na regulación dos locais de concertos en Vigo. En palabras do colectivo de músicas e músicos vigueses, a falta de concesión de licencias axeitadas aos locais de concertos fai que “nos poidan cancelar as nosas actuacións durante o día pola mera chamada dalgún veciño, ou simplemente porque os responsables da Policía manden unha patrulla e ordenen parar, independentemente do volume e dos horarios”.

Esta situación estaría encadrada, para Grupos de Vigo en Loita, nunha tendencia de desinterese e desleixo das autoridades cara a escena musical en Vigo e os seus artistas emergentes, manifestada en capítulos anteriores como os peches das diferentes salas de ensaio municipais ou a case ausencia de grupos de Vigo na

programación municipal. Isto ten, afirman, efectos moi negativos para o panorama cultural da cidade no seu conxunto, como veñen denunciando noutras ocasións con anterioridade.


O propio colectivo sufriu esta situación nas súas propias carnes durante a celebración dun concerto na Sala Molotov, en Travesía de Santiago de Vigo. Grupos de Vigo en Loita organizara aquel concerto o día 3 de xuño para reivindicar a mellora das condicións das salas de ensaio de Vigosónico e o apoio do goberno municipal ás bandas locais. Porén, ás 21:00 da tarde, xusto cando comezaba o concerto, a Policía Local xa estaba na porta ordenando o peche, a pesar de tratarse dunha sala insonorizada que ten actividade de ocio nocturno con total normalidade e sen que houbera tempo posible para que ningún veciño emitise ningunha queixa. Por iso,

para este colectivo, as suspensións recentes non son se non a continuación dunha tendencia que vén dende moi atrás.

Grupos de Vigo en Loita xurdiu como plataforma o 11 de xaneiro deste ano, inicialmente para protestar polo peche definitivo das salas de ensaio municipais de Vigosónico. Despois de meses de protesta a través de diferentes accións, logrouse a reapertura das instalacións, e, posteriormente, a posta en funcionamento das salas de ensaio a principios do mes de maio. A pesar de ter logrado o seu principal obxectivo fundacional, continúan a súa andaina reivindicando, en varias ocasións con notable éxito, melloras nas condicións do servizo, mermado con respecto á súa situación anterior á pandemia, entre outras reivindicacións relativas á escena musical viguesa.



PRIMEIRO FESTIVAL DE METAL NO




STRUM NA SALA TRANSYLVANIA

A asociación cultural Metal Nostrum & Hard Rock, radicada en Vigo, vai celebrar os días 2 e 3 de decembro nesta mesma cidade o seu primeiro festival, coa participación de seis bandas viguesas. O venres 2 de decembro será a quenda de Iron Hunter, Other Game e Dioivo, mentres que o sábado 3 subirán ao escenario Zona Zero, No One Alive e Lethal Vice. Toda unha exposición da calidade do metal da cidade olívica, nun festival que comeza agora a súa andaina pero que o fai con determinación e que vén para quedarse.

Metal Nostrum & Hard Rock naceu hai apenas un par de anos como grupo de Facebook, pasando a contar axiña con milleiros de membros de Vigo e alén da cidade. Co obxectivo de promover a música metal e hard rock, deron recentemente o paso de constituírse como asociación e inscribirse legalmente como tal. Isto levou a un litixio aínda pendente coa multinacional Hard Rock Café polo dereito a empregar as palabras "hard rock" no seu nome, unha batalla que deu o salto aos medios de comunicación e sobre a que dende Metal Nostrum afirman ter a vontade de continuar ata o final.

A apertura das portas da Sala Transylvania, central na escena metaleira viguesa, terá lugar ámbolos días do festival ás 21:00 da tarde, dando comezo aos concertos un cuarto de hora despois. A entrada diaria terá un prezo de 12€, mentres que o abono para os dous días custará 20€.



Anxo , batería de Iron Hunter



Leis & Negocios SL

Contamos coa garantía de poder recorrer a unha asesora profesional sempre que o necesitamos. Encárgase de todo o pepeleo do noso negocio. Por iso agora disfrutamos máis da nosa profesión e do tempo de lecer.

Pilar Leis Puñal

Avogados e Asesores de empresas
Avda. Romero Donallo, 29
15706 Santiago

**Libre Expresión de Medios
de Galicia, LIEXGAmedia**

**Proximidade. Honestidade.
Solvencia. Pluralismo.**

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 25-10-2022 nº22. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota. Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño Almeida.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com